

NORMAS PARA A UTILIZACIÓN DUNHA PLATAFORMA ELECTRÓNICA NA CONTRATACIÓN PÚBLICA NA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Aprobadas por Acordo da Mesa do 1 de outubro de 2013 (publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 170, do 2 de outubro de 2013).

Modificadas por Acordo da Mesa do 2 de decembro de 2013 (publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 209, do 5 de decembro de 2013).

O Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, establece na súa disposición adicional décimo sexta as normas ás que se deberá axustar a utilización de medidas electrónicas, informáticas e telemáticas nos procedementos que regula.

No marco do establecido nesa disposición e na demais normativa aplicable en materia de utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos, e en consonancia coas previsións da Unión Europea en materia de contratación electrónica, estas normas teñen por obxecto a regulación da utilización dunha plataforma de servizos asociados coa contratación pública. Este proxecto está incluído no Plan director (proxecto XADM 3.2), a través do cal se está potenciando na Cámara a implantación das novas tecnoloxías da información, e incardínase, así mesmo, nos compromisos medioambientais asumidos pola Cámara de eliminación progresiva do papel nos distintos procedementos administrativos.

A través desta ferramenta de servizos incrementarase a eficacia e transparencia da actuación administrativa, beneficiándose todos os operadores das súas utilidades. As empresas poderán recibir información telemática das distintas convocatorias, presentar as súas ofertas de xeito electrónico prescindindo dos dosieres documentais que actualmente teñen que achegar e recibir telematicamente as comunicacións e notificacións, sen necesidade de se desprazaren a rexistros ou oficinas de correos.

En consecuencia, a Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 1 de outubro de 2013, no uso das competencias que ten atribuídas no artigo 30.1.2ª do Regulamento do Parlamento de Galicia e no artigo 3 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 633, do 24 de outubro de 2013), dispón:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Estas normas teñen por obxecto regular a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos dos procedementos de contratación.

Artigo 2. Utilizacións de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos de contratación

1. A Administración parlamentaria poderá utilizar os medios electrónicos, informáticos e telemáticos en todas as actuacións e trámites dos procedementos de contratación.
2. A tramitación electrónica dos procedementos de contratación efectuarase a través dunha aplicación informática de que dispón a Administración parlamentaria denominada «Plataforma de licitación electrónica da Administración parlamentaria».

Artigo 3. Acceso e contido da Plataforma de licitación electrónica

1. A Plataforma de licitación electrónica será accesible a través do perfil de contratante do Parlamento de Galicia, o cal está dispoñible na dirección electrónica <http://www.parlamentodegalicia.es>
2. Para poder operar a través da Plataforma de licitación electrónica os usuarios deberán darse de alta nesta, conforme as indicacións que constan nela.

3. Nesa plataforma configúrase un rexistro electrónico, que terá a consideración de rexistro público oficial, para os únicos efectos da tramitación da contratación administrativa da Cámara.

Artigo 4. Carácter da utilización da Plataforma de licitación electrónica

1. Os pregos de cláusulas administrativas particulares indicarán respecto de cada procedemento de contratación a admisión ou non da utilización dos medios e soportes electrónicos, informáticos e telemáticos na presentación de proposicións e documentos, os requisitos e as características dos ficheiros para utilizar, así como as notificacións e comunicacións entre a Administración parlamentaria e os interesados.

2. A utilización da Plataforma de licitación electrónica será con carácter xeral potestativa para os licitadores, sen prexuízo de que en determinados contratos, en atención ás súas características ou circunstancias debidamente motivadas, se considere conveniente por razóns de axilidade e simplificación administrativa a utilización preceptiva da Plataforma de licitación electrónica.

Disposición derradeira primeira. Facultades da Presidencia

Facúltase a Presidencia do Parlamento de Galicia para aprobar as instrucións necesarias para o desenvolvemento e a interpretación desta disposición.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.